

# Fundación INGADA

## **MEMORIA ECONÓMICA ABREVIADA**

EXERCICIO 2020                      Data de peche 31/12/2021

Nº DE REXISTRO                      9/2014

CIF                                        G-70.394.374

Para a súa presentación ante o Protectorado da Xunta de Galicia e depósito no Rexistro de Fundacións de Interese galego.

## 1. ACTIVIDADE DA FUNDACIÓN

### **A fundación, segundo se establece no artigo 6 dos seus estatutos, ten como fins:**

“Dar asistencia integral a persoas afectadas por TDAH e trastornos asociados, en Galicia, dada a alta prevalencia destas patoloxías na nosa sociedade e as carencias existentes para a súa atención dende todas as áreas necesarias (clínica, educativa, social, familiar, laboral). Aplicarse o criterio de equidade e accesibilidade tomando as medidas oportunas para que ningún afectado poida deixar de beneficiarse por razóns xeográficas, económicas ou sociais”.

### **A fundación, segundo se establece no artigo 7 dos seus estatutos, ten como actividades fundacionais:**

Para a consecución dos fins mencionados, a fundación realizará as seguintes actividades:

- a)** Formación a profesionais da saúde, a educación, xuristas e calquera outro colectivo con relación directa ou indirecta co Trastorno por Déficit de Atención e hiperactividade (TDAH).
- b)** Investigación
- c)** Publicacións científicas e difusión do coñecemento do trastorno en medios de comunicación.
- d)** Organización de Congresos ou Xornadas formativas
- e)** Asesoramento individual as persoas que o soliciten.
- f)** Actividades preventivas de riscos potenciais para a saúde
- g)** Interaccións con asociacións e institucións con intereses afíns.
- h)** Establecer convenios de colaboración con Institucións Públicas para dar cumprimento dos obxectivos da Fundación (Centros penitenciarios, Guarda Civil, Policía Nacional, ISSGA, etc).
- i)** Buscar alternativa asistencial a todas aquelas persoas con sospeita de TDAH ou xa diagnosticadas, que se atopen en situación de exclusión social ou dificultades económicas que lle impidan recibir unha atención adecuada no nivel sanitario, educativo, laboral, ou de calquera outra competencia relacionada co axeitado desenvolvemento da súa persoa.
- j)** Fomentar actividades que promovan a solidariedade, o traballo en equipo, o respecto á diversidade e voluntariado, así como o coidado e protección do medio ambiente.
- k)** Potenciar as calidades individuais dos/as afectados/as a través de concursos de debuxo, galas solidarias, e apoio técnico da Fundación en actividades lúdicas.
- l)** Inculcar o progreso do coñecemento, o espírito crítico e a liberdade individual a través de visitas culturais, asistencia a convivencias, e participación en foros de debate sobre a problemática que lles atañe.
- m)** Proporcionar apoio e soporte emocional a través dos Grupos de Axuda Mutua coordinados por persoal técnico da Fundación.

### **Obxectivos, Visión e Valores que ten a fundación:**

O Instituto constitúese co enfoque de dar asistencia integral ás persoas afectadas polo TDAH e os seus trastornos asociados en Galicia, dada a alta prevalencia destas patoloxías na nosa sociedade e as carencias existentes (a nivel clínico, educativo, social, familiar, e laboral).

Aplicarase o criterio de equidade e accesibilidade tomando as medidas necesarias para que ningún afectado poida deixar de beneficiarse por razóns xeográficas, económicas ou sociais.

Non existe na actualidade ningunha organización semellante no noso país e pretendemos que Galicia se sitúe á cabeza dunha labor como esta, podendo converterse en referencia para o resto das CC.AA.

A vontade do equipo e da Institución é traballar de xeito que poidamos dar cobertura a toda Galicia aínda que, de xeito inicial, traballamos nas áreas metropolitanas das 7 cidades galegas (A Coruña, Santiago, Vigo, Pontevedra, Lugo, Ferrol e Ourense) fundamentalmente.

Os nosos valores fundamentais son a excelencia, o traballo en equipo e a responsabilidade profesional en beneficio do doente. Defendemos o capital intelectual como o mellor activo que temos e queremos que sexa mellorado, compartido e potenciado por todos os que se incorporen ao proxecto.

Ademais pretendemos optimizar o noso esforzo e introducir elementos de control e propostas de mellora continuada ao amparo da cultura avaliativa.

## As actividades realizadas no exercicio foron:

### ÁREA DE FORMACIÓN

Durante os últimos 12 meses, prestamos unha gran atención á formación, tanto de profesorado, como de diferentes colectivos que tratan continuamente con persoas afectadas por TDAH (xuíces, corpos de seguridade do estado, funcionarios penitenciarios, médicos/as,...) Así formamos, en diferentes niveis e técnicas, a máis de 400 profesionais (fundamentalmente do ámbito da educación)

### ACTUACIONES DE DIVULGACIÓN

Outra das liñas de actuación que ten a Fundación INGADA é aquela que trata de achegar, normalizar e difundir o TDAH entre a sociedade galega. Desta forma ao longo dos últimos anos vimos facendo propostas, dando conferencias, facendo presentacións e achegando a nosa visión en distintos ámbitos sociais galegos.

### ACTIVIDADES LÚDICAS E DE TEMPO LIBRE

Unhas das liñas que consideramos máis importantes, e á que tamén lle demos durante o ano 2018 una especial importancia, foi o desenvolvemento de xornadas con afectados/as e familiares nas que disfrutar do tempo libre, convivir, compartir e realizar actividades que melloren a nosa calidade de vida. Nestes meses realizamos gran cantidade de actividades coa finalidade de mellorar a socialización dos/as mozos, impulsar as terapias de acompañamento ou tratar de visibilizar e normalizar os diferentes problemas. Entre todas elas destaca unha etapa realizada do Camiño de Santiago que resultou especialmente concurrida e serviu tamén para visualizar a nosa entidade.

### PROXECTO DE VOLUNTARIADO E INCLUSIÓN SOCIAL

#### “Orientando Vocacións. Provocando Oportunidades”

O proxecto, que se desenvolveu conxuntamente coa Cruz Vermella de Galicia (convenientemente descrito a través dun convenio entre ambas entidades), permitiu que 30 mozos con TDAH realizasen prácticas asistenciais ao longo de 2 meses en diferentes centros de toda Galicia e recibisen unha formación específica sobre servizos sociais.

Foi unha iniciativa pionera en Galicia que favoreceu a orientación académica e laboral, mellorou a súa capacitación e representou una actividade innovadora na promoción do voluntariado social entre os máis novos.

O mesmo tempo resultou unha eficaz e verdadeira aposta pola realización de proxectos colaborativos, coordinados e eficaces á hora de xestionar os recursos e chegou a complementar a oferta de servizos e actividades que prestan ambas institucións.

### BECAS M<sup>a</sup> JOSÉ JOVE - FUNDACIÓN INGADA

En colaboración coa Fundación M<sup>a</sup> José Jove, de A Coruña, creamos – con vocación de mantelas no tempo - a primeira convocatoria dunhas becas que premian proxectos prácticos para aplicar nas aulas con alumnos con TDAH. Trátase de poñer en valor, ano tras ano, aquelas actuacións docentes que máis e mellor contribúan á superación deste tipo de patoloxías nos centros educativos. Así nesta primeira edición seleccionáronse traballos de entre 180 docentes de toda Galicia.

### GAM + TERAPIAS Asesoramento e Tratamento a Doentes e Familias

Trátase de terapias grupais, desenvólvense ao longo de toda Galicia, en sesións de 4 horas e para grupos (afectados/as por TDAH e familiares) de 20/25 persoas.

Ao longo deste ano, máis de 400 persoas participaron neste tipo de terapias cun alto grado de satisfacción e o desenvolvemento dunha metodoloxía propia do traballo.

## OUTRAS ACTIVIDADES

### ✓ **Investigacións Científicas**

Estase a desenvolver un “**Estudio Observacional de Prevalencia do TDAH en Galicia**” no que, dirixido pola Dra. Elvira Ferrer Vázquez, participan 6 prestixiosos investigadores.

Este estudio ten a finalidade de coñecer a prevalencia do Trastorno por Déficit de Atención en Galicia tendo en conta que non existe ningún estudio publicado que detalle esta información. A intención é expoñer o resultado ás autoridades educativas e sanitarias competentes coa finalidade de que se tomen as medidas para mellorar o pronóstico de quen o padece.

### ✓ **Programa de reconducción de Conductas para reclusos con TDAH e con trastornos asociados**

Un dos principais proxectos nos que estamos inmersos é un Programa de Reconducción de Conductas para reclusos con TDAH ou Trastornos Asociados. Trátase dun programa pionero en España e que conta cunha metodoloxía de traballo innovadora e coordinada entre varias entidades.

A través dun convenio suscrito entre a nosa entidade e a D.G. de Institucións Penitenciarias (ministerio do Interior) estamos desenvolvendo un proxecto específico con 100 internos da prisión de Teixeiro no que un equipo de psicólogos e médicos tratan especificamente cada caso, desenvolvendo itinerarios de inserción sociolaboral e realizan terapias.

O proxecto representa un gran avance (e innovador) metodolóxico no tratamento destas persoas e pretende perpetuarse e crecer na súa área de influencia e no número de casos tratados.

### ✓ **Programa para evitar accidentes e detectar trastornos relacionados o volante**

Conxuntamente coa D.X.T (Dirección Xeneral de Tráfico) estamos poñendo en marcha un importantísimo e novedoso proxecto a través do cal formaremos e deseñaremos un protocolo metodolóxico para os gabinetes médicos-psicotécnicos de toda España enfocado á detección do déficit de atención, e trastornos de conducta dos condutores españois.

Esta metodoloxía posibilitará a mellora do diagnóstico destes casos, o tratamento e, por suposto, preservar a seguridade vial de todos. Durante este ano pretende alcanzar as 100 accións e posibilitar a detección e formación a máis de 5.000 persoas.

É un dos programas máis completos que foron impulsados para persoas con TDAH e Trastornos asociados en Europa nos últimos anos e convertiranos, previsiblemente, nunha referencia internacional neste ámbito.

### ✓ **Xeración de Contidos**

Unha dos principais problemas aos que nos temos que enfrontar á hora de tratar os problemas xurdidos polos mozos con TDAH é a escaseza (e pouca modernidade) dos contidos formativos cos que se pode contar na actualidade. Trátase de contidos en formato manual (non audiovisual) pouco propicios ou que non resultan amenos e atractivos para os nenos, e que non cumpren, en xeral, as necesidades para as que foron creados. As persoas con TDAH son moito máis receptivas aos estímulos audiovisuais que aos escritos.

Actualmente, a Fundación INGADA (conxuntamente cunha empresa especializada) está inmersa na creación de diverso material formativo que palie esta limitación e veña a completar – para nos e para calquera outra entidade que os necesite- este importante material.

### ✓ **Formación a médicos de urxencias**

Ao obxecto de mellorar a formación específica dos profesionais médicos que traballan nos servizos hospitalarios de urxencias, dende a Fundación INGADA organizamos periódicamente unha serie de Xornadas Formativas nas que explicarlles, actualizarlles e informarlles sobre as últimas novidades, os últimos tratamentos e as novidades respecto a estas patoloxías.

## 2. BALANCE ABREVIADO E CONTA DE RESULTADOS NO PECHE DO EXERCICIO 2021

ACTIVO	Notas da Memoria	2021	2020
<b>A) ACTIVO NON CORRENTE</b>			
I. Inmobilizado intanxible		<b>0,00€</b>	<b>0,00 €</b>
II. Bens do patrimonio histórico			
III. Inmobilizado material			
IV. Investimentos inmobiliarios			
V. Investimentos en entidades do grupo e asociadas a longo prazo			
VI. Investimentos financeiros a longo prazo			
<b>B) ACTIVO CORRENTE</b>		<b>141.277,77€</b>	<b>108.541,12 €</b>
I. Existencias			
II. Usuarios e outros debedores da actividade propia			
III. Debedores comerciais e outras contas para cobrar		75.638,59€	72.306,72 €
IV. Investimentos en entidades do grupo e asociadas a curto prazo			
V. Investimentos financeiros a curto prazo		0,00€	0,00 €
VI. Periodificacións a curto prazo			
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes		65.639,18€	36.234,40 €
<b>TOTAL ACTIVO (A+B)</b>		<b>141.277,77€</b>	<b>108.541,12 €</b>

PATRIMONIO NETO E PASIVO	Notas da Memoria	2021	2020
<b>A) PATRIMONIO NETO</b>		<b>138.948,24€</b>	<b>107.234,95 €</b>
A-1) Fondos propios		62.909,65€	94.928,23 €
I. Dotación fundacional		9.906,66€	9.906,66 €
II. Reservas			
III. Excedentes de exercicios anteriores		85.021,57€	83.706,98 €
IV. Excedente do exercicio		-32.018,58€	1.314,59 €
A-2) Axustes por cambio de valor			
A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos		76.038,59€	12.306,72 €
<b>B) PASIVO NON CORRENTE</b>		<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>
I. Provisións a longo prazo			
II. Débedas a longo prazo			
III. Débedas con entidades do grupo e asociadas a longo prazo			
IV. Pasivos por imposto diferido			
V. Periodificacións a longo prazo			
<b>C) PASIVO CORRENTE</b>		<b>2.329,53 €</b>	<b>1.306,17 €</b>
I. Provisións a curto prazo			
II. Débedas a curto prazo			
III. Débedas con entidades do grupo e asociadas a curto prazo			
IV. Beneficiarios-acredores			
V. Acredores comerciais e outras contas para pagar		2.329,53€	1.306,17 €
VI. Periodificacións a curto prazo			
<b>TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)</b>		<b>141.277,77 €</b>	<b>108.541,12 €</b>

Conta de Resultados Abreviada do exercicio rematado o 31/12/21	Notas da Memoria	2021	2020
<b>A) EXCEDENTES DO EXERCICIO</b>		<b>-32.018,58 €</b>	<b>1.314,59 €</b>
1. Ingresos da actividade propia		64.229,32€	80.003,84 €
2. Ventas e outros Ingresos da Actividade Mercantil		11.485,00€	300,00 €
3. Gastos por axudas e outros			
4. Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación			
5. Traballos realizados pola entidade para o seu activo			
6. Aprovisionamentos		-861,27€	0,00€
7. Outros ingresos da actividade		0,00€	3,00 €
8. Gastos de persoal		-45.422,22 €	-40.864,59 €
9. Outros gastos da actividade		-62.644,40 €	-46.962,06 €
10. Amortización do inmovilizado			
11. Subvenc. doazóns e legados de capital tras pasados ao excedente exerc.		0,00 €	0,00 €
12. Exceso de provisións			
13. Deterioración e resultado por alleamentos do inmovilizado		1.194,99 €	8.834,40 €
<b>A.1) EXCEDENTE DA ACTIVIDADE (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12)</b>		<b>-32.018,58 €</b>	<b>1.314,59 €</b>
13. Ingresos financeiros			
14. Gastos financeiros			
15. Variación de valor razoable en instrumentos financeiros			
16. Diferenzas de cambio			
17. Deterioración e resultado por alleamentos de instrumentos financeiros			
<b>A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (13+14+15+16+17)</b>			
<b>A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)</b>		<b>-32.018,58 €</b>	<b>1.314,59 €</b>
18. Impostos sobre beneficios			
<b>A.4) Variación de patrimonio neto recoñecida no excedente do exercicio</b>		<b>-32.018,58 €</b>	<b>1.314,59 €</b>
<b>B) Ingresos e gastos imputados directamente ao patrimonio neto</b>			<b>0,00 €</b>
1. Subvencións recibidas			
2. Doazóns e legados recibidos			
<b>B.1) Variación de patrimonio neto por ingresos e gastos recoñecidos</b>			
<b>C) Reclasificacións ao excedente do exercicio</b>		<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>
1. Subvencións recibidas			
2. Doazóns e legados recibidos			
<b>C.1) Variación de patrimonio neto por reclasificacións ao excedente do ex.</b>		<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>
<b>D) Variacións de P. N. por ingresos e gastos imputados</b>		<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>
<b>E) Axustes por cambios de criterio</b>		<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>
<b>F) Axustes por erros</b>		<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>
<b>G) Variacións na dotación fundacional</b>		<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>
<b>H) Outras variacións</b>		<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>
<b>I) Rtdo TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EXERC .</b>		<b>-32.018,58 €</b>	<b>1.314,59 €</b>

### 3. BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

- a) **Imaxe fiel:**  
As contas anuais reflicten a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da fundación.
- b) **Principios contables non obrigatorios aplicados:**
- c) **Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza:**
- d) **Comparación da información:**  
Non existen razóns excepcionais que xustifiquen a modificación da estrutura do balance, da conta de pérdidas e ganancias e do estado de cambios no patrimonio.  
Non hai causas que impidan a comparación das contas anuais do exercicio con as do exercicio precedente.  
Non se efectuaron adaptacións dos importes do exercicio precedente para facilitar a comparación co presente exercicio.
- e) **Elementos recollidos en varias partidas:**  
Non houbo agrupación calquera das partidas, nin foi necesario reflectir ningún elemento patrimonial en varias partidas.
- f) **Cambios en criterios contables:**  
Non hai cambios nos criterios contables aplicables no ano en curso.
- g) **Corrección de erros:**  
Non hai axustes de corrección de erros no exercicio

### 4. PROPOSTA DO EXCEDENTE DO EXERCICIO

Bases de Repartición	Importe
Excedente do exercicio	-32.018,58€
Remanente	0,00 €
Reservas voluntarias	0,00 €
Reservas para cumprimento de fins aplicadas no exercicio	0,00 €
<b>Total</b>	<b>-32.018,58 €</b>

Aplicación	Importe
A Dotación Fundacional	0,00 €
A reservas especiais	0,00 €
A reservas voluntarias (fondo social)	0,00 €
A reserva para cumprimento de fins	0,00 €
A compensación de excedentes negativos de exercicios anteriores	0,00 €
<b>Total</b>	<b>0,00 €</b>



## 5. NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN

### 1. Inmobilizado intanxible:

Os elementos dos activos intanxibles son rexistrados polo custo e posteriormente se valoran polo custo menos a amortización acumulada.

Non hai elementos nesta partida

### 2. Inmobilizado material

Os activos fixos tanxibles son presentados ao custo, que inclúe, ademais do importe facturado polo vendedor tras a dedución de calquera desconto sobre o prezo, e os custos adicionais directos incorridos a través da súa posta en servizo. O custo ten en conta unha estimación de aqueles derivados do desmantelamento.

Os gastos periódicos de mantemento, conservación e reparación impútanse ao resultados seguindo o principio de devengo, como custe do exercicio no que se imputan.

### 3. Inversións inmobiliarias:

Non existen terreos e construcións consideradas como inversións inmobiliarias.

### 4. Bens do patrimonio histórico:

Non existen bens considerados como patrimonio histórico

### 5. Arrendamentos:

Non existen contratos de arrendamento financeiro

### 6. Permutas:

Non hai permutas

### 7. Instrumentos financeiros:

Nos existen elementos nesta partida

### 8. Créditos e débitos pola actividade propia:

Non existen elementos nesta partida

### 9. Coberturas contables:

No existen elementos nesta partida

### 10. Existencias:

No existen elementos nesta partida

### 11. Transaccións en moeda estranxeira:

Non existen elementos nesta partida

### 12. Impostos sobre beneficios:

O gasto por imposto sobre beneficios calculase ao aplicar o tipo de gravamen sobre a base imponible do exercicio, despois de aplicar as deducións fiscais, máis a variación dos activos e pasivos por impostos anticipados, diferidos e créditos fiscais, tanto por bases impositivas negativas como por deducións indicando os criterios utilizados para o rexistro e valoración de activos e pasivos por imposto diferido.

Os activos e pasivos por impostos diferidos inclúen as diferenzas temporais, así como as bases impositivas negativas pendentes de compensación e os créditos por deducións fiscais non aplicables.

**13. Ingresos e gastos:**

Os ingresos e gastos impútanse en función do criterio do devengo con independencia do momento no que se produce a corrente monetaria o financeira derivada de eles.

No obstante, a Fundación únicamente contabiliza os beneficios realizados á data de peche do exercicio, en tanto que os riscos e as perdas previsibles, aínda sendo eventuais, contabilízanse tan pronto sexan coñecidas.

Os ingresos pola venda de bens ou servizos recoñécense polo valor razoable da contrapartida recibida ou a recibir derivada dos mesmos. Os descontos por pronto pago, por volume ou outro tipo de descontos, así coma os intereses incorporados ao nominal dos créditos, rexístranse como unha minoración dos mesmos. No obstante a Fundación inclúe os intereses incorporados aos créditos comerciais con vencemento non superior a un ano que non ten un tipo de interese contractual, cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non é significativo.

Os descontos concedidos a clientes recoñécense no momento en que é probable que se cumpran condicións que determinan a súa concesión como unha redución dos ingresos por vendas.

Os anticipos a conta de vendas futuras figuran valorados polo valor recibido.

**14. Provisións e continxencias:**

Non existen elementos neste apartado

**15. Elementos patrimoniais de natureza ambiental:**

Non existen elementos neste apartado

**16. Gastos de persoal:**

Retribución ó persoal, calquera que sexa a forma e concepto polo que se satisfíxeron; cuotas da Seguridade Social o cargo da empresa e demais gastos de carácter social.

**17. Subvencións, doazóns e legados:**

As doazóns recibidas traspásanse directamente ao excedente

**18. Deterioro de valor:**

O importe recuperable calculárase como o seu valor razoable, o anotado na contabilidade, menos os seus custos de venda e o valor de uso.

**19. Combinacións de negocios:**

Non existen elementos neste apartado

**20. Negocios conxuntos:**

Non existen elementos neste apartado

**21. Transaccións entre partes vinculadas:**

Non existen elementos neste apartado

## 6. FONDOS PROPIOS

A dotación fundacional esta constituída por 30.000 € de capital en efectivo.

## 7. SITUACIÓN FISCAL

### Imposto sobre beneficios

A información esixida pola lexislación fiscal para gozar da cualificación de entidade sen fins lucrativos para os efectos da Lei 49/2002 inclúese nas epígrafes.1.1 e 1.2 desta memoria.

Non existen diferenzas temporais rexistradas ao peche do exercicio. Non se aplicaron incentivos fiscais.

### Outros tributos

Non existen elementos neste apartado.

## 8. Outra Información

### 1. Cambios no órgano de goberno, dirección e representación.

Ángel Carracedo Álvarez -	Presidente
María Elvira Ferrer Vázquez -	Vicepresidenta
Juan Trigo Espiñeira-	Secretario
Lorenzo Capllonch Casteleiro-	Tesoreiro
Lorena Gómez Guerrero-	Vocal
Ángeles Varela Calvo -	Vocal
Carmen María García Miranda -	Vocal
Berta Otero Charlón -	Vocal
Iria Calleja Barcia	Vocal
Celia Dominguez Mondragón	Vocal

### 2. Información sobre as autorizacións outorgadas polo protectorado e as solicitudes de autorización sobre as cales non se recibise o acordo correspondente.

*Non é de destacar información neste apartado*

### 3. Número medio de persoas empregadas no curso do exercicio, expresado por categorías, indicando aquelas con discapacidade maior ou igual ao 33%.

- **1** traballadora contratada dende Enero ata Decembro
- **1** traballador contratada dende Abril ata Decembro

*Total: 2 traballadores de media durante o ano.*

Distribución por categorías e sexos do persoal existente ao final do exercicio, incluíndo os directivos e o padroado:

*Os membros do padroado divídense en 6 mulleres e 3 homes.*

4. Información anual do grao de cumprimento do código de conduta das entidades sen fins lucrativos para a realización dos investimentos financeiros temporais, segundo a lexislación que lle resulte aplicable.

*Entendemos que tivemos un estricto cumprimento tanto dos principios que inspiran a Fundación, así como dos seus obxectivos e da lexislación vixente.*